

EMPRESA

Mercamelide
terá vehículos
de ocasión na
edición do 27
e 28 de agosto

MELIDE

Piden man dura
cos propietarios
de fincas sen
rozar próximas
a vivendas P11

COMARCA

A renda per
capita de Toques
está entre as 10
máis baixas de
toda España

ENTREVISTA



Electrosan
P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 127. Agosto 2016. Distribución gratuíta

San Roque '16: Melide volve ter as mellores festas de Galicia

O listón quedou moi alto o ano pasado e parecía difícil de superar pero o cartel da presente edición volveu sorprender de novo pola súa calidade e variedade. As orquestras máis demandas da actualidade e a actuación de Maldita Nerea, Efecto Pasillo e Merche son os pratos fortes de oito días de troula nos que se agarda unha afluencia masiva de xente. Non son festas para contalas, son festas para vivilas. Comeza a conta atrás. P9



Turismo Melide

Remata a concentración parcelaria de Visantoña



O proceso durou vinte e catro anos e serviu para reducir as 7.534 fincas iniciais a 1.497. Feijóo entregou os títulos de propiedade en Vilar de Ferreiros. P14

Entra en competición o Melide fútbol sala feminino



Está integrado por trece mozas da vila e competirá na categoría sénior da Liga Provincial. O seu grito de guerra é "ninguén dixo que fose doado". P17

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

26 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Desprotexidos ante o poder

O Concello de Sobrado acolleu recentemente a proxección de *Frankenstein 04155*, un documental elaborado polo galego Aitor Rei no que se afonda sobre as causas que provocaron o accidente do tren Alvia aquel xullo de 2013 en Santiago, no que faleceron 80 persoas e outras 140 resultaron feridas.

Poderíase definir como o documental que as esferas do poder non queren que vexamos. É incómodo porque busca ofrecer a verdade que nunca se contou. Molesta porque pon en evidencia a través dun descomunal traballo de investigación de 4.000 horas que houbo máis responsables que o maquinista e o exceso de velocidade. Provoca temor porque saca á luz documentos que nunca antes a viran e que deliberadamente non se deixaron chegar aos medios de comunicación co obxectivo de fabricar unha verdade sobre o accidente. Proe porque achega datos que resultaron determinantes para que a Unión Europea concluíse que a investigación do Ministerio de Fomento sobre o sinistro non foi independente.

O propio título do documental condensa en si a magnitude da tropelía. Frankenstein era o nome co que os



proprios ferroviarios bautizaron ese tren, definido como “un aborto da enxeñería” e construído a cachos, adaptando pezas doutros trens, para poder reunir os requisitos necesarios e botar a andar a tempo por unhas vías cuxo trazado se modificou oito meses antes dunhas eleccións. A promesa electoral da alta velocidade a Galicia.

Logo chegaría a falta de seguridade do trazado e a falta do sistema de freado automático. Logo o accidente e logo a fabricación da realidade por parte das cúpulas do poder para evitar algo tan básico como asumir as responsabilidades dun mesmo. Máis tarde viría a loita

dos familiares das vítimas por coñecer a verdade: “somos cidadanos con nuestros recursos luchando contra el aparato del estado, contra todo su poder y contra el dinero que tiene”.

Frankenstein 04155 apela ao sentimento do espectador, pero non a través das emocións de lágrima fácil, senón a través dos datos e da rigorosidade. Fai que nos sintamos insignificantes, que dubidemos da xustiza e que pensemos no imperfecta que é a nosa democracia. Fai que recordemos o Yak 42 ou o accidente do metro de Valencia. Os mesmos “protocolos”. Vexan o documental e sentiranse desprotexidos ante o poder.

Tribuna de opinión

Manter as distancias

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Un home de 75 anos faleceu nas estradas de Melide ao caerlle a pola dun eucalipto enriba do coche que conducía. Sen dúbida a mala fortuna foi a principal causante desta desgraza, pero quizais se podería ter evitado de gardarmos as distancias mínimas de plantación con respecto ás estradas, que a Lei de Montes de Galicia fixa entre os 4 e os 10 metros dependendo da especie da que se trate.

Certo é que o noso clima favorece que as árbores medren mesmo nas pedras, pero non resulta menos certo que cando é o humano quen as planta aproveita ata o último centímetro de terra. Así que é que

temos árbores ata case nas cunetas das estradas. E parécenos normal a pesar do perigo que representan, tanto en caso de inclemencias meteorolóxicas como nas saídas de vía. As distancias que marca a lei respectanse en contados casos.

Non acontece o mesmo coas distancias respecto dos condutos eléctricos e das infraestruturas de tendidos. Se nós non as respectamos xa se encargan as compañías eléctricas de que o fagamos vía cortas periódicas ao seu cargo. Será porque as árbores poden causar prexuízos económicos. Os cartos importan. As vidas tamén. Sexamos responsables e respectemos as distancias.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Núñez, Iria Buxán, Silvia Pena

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	9
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	17
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Asetem anima a crear espazos cardioprotexidos coa instalación de desfibriladores en empresas

A busca da excelencia na prestación e servizos ao cliente é unha máxima constante para calquera establecemento hostaleiro. Nese sentido o Pazo de Eidián, situado no veciño concello de Agolada e socio de Asetem, acaba de dar un paso adiante coa instalación dun desfibrilador semiautomático con asistencia médica e GPS integrados que fan del o primeiro pazo de turismo rural cardioprotexido de toda Galicia.

Deste xeito o Pazo de Eidián convértese nun establecemento pioneiro en materia de seguridade ante riscos sanitarios e tamén nun exemplo que a patronal melidense tentará estender a outros negocios e empresas da comarca tendo en conta que este tipo de equipos aumentan nun 90% as posibilidades de supervivencia ante unha parada cardíaca e que son un dos medios máis efectivos para paliar un dos inconvenientes do medio rural; a distancia dos centros hospitalarios.

Nesa liña Asetem xa iniciou conversas coa empresa B+Safe, unha das distribuidoras de desfibriladores en Galicia, para, á volta do verán, organizar charlas informativas para asociados e animar a crear espazos cardioprotexidos, especialmente no polígono industrial.

O tempo é vital

No caso do Pazo de Eidián,



O Pazo de Eidián (Agolada), socio de Asetem, é o primeiro pazo rural cardioprotexido de Galicia

situado nun entorno natural privilexiado pero afastado de grandes núcleos de poboación, foi precisamente a localización un dos motivos que levou á xerencia do complexo a instalar o desfibrilador: “la situación geográfica hace difícil la pronta llegada de los servicios de emergencia”, reconece Isabel Blasco, consciente de que o tempo é unha cuestión vital nun caso de parada cardíaca. A marxe de reacción para salvar a unha vítima non vai moito máis aló dos 4 ou 5 minutos, co agravante de que cada minuto perdido supón un 10% menos de probabilidade de supervivencia.

Agora di sentirse máis segura, tendo en conta ademais que o do Pazo de Eidián é un desfibrilador operacional conectado. Isto quere dicir que está dotado de teleasistencia, telecontrol e xeolocalización as 24 horas do día. Ao collelo salta unha alarma na central, onde un especialista atende ao usuario ao tempo que se activa o protocolo de emerxencia co 112 e se envía unha ambulancia á localización exacta que indica o GPS incorporado no equipo. “Ahora tenemos a cualquier hora y en cualquier lugar del pazo y sus jardines el apoyo directo de personal de emergencias

y la garantía de que nos localizarán sin problemas”, explica a xerente do pazo.

Un longo camiño

A presenza de desfibriladores en lugares con moito tránsito de xente ou afastados de hospitais é cada vez maior en España pero as cifras seguen a situarse aínda moi por debaixo da maioría de países europeos.


Segundo un estudo realizado pola empresa B+Safe, só o 29% dos hoteis das 12 principais capitais españolas contan cun equipo destas características. En España falecen preto de 100 persoas ao día por parada cardíaca.

O comercio despega a medio gas en Galicia

As vendas no comercio minorista de Galicia subiron un 4,4% en xuño con respecto ao mesmo mes do ano pasado segundo os últimos datos publicados polo INE. Este incremento é 1,6 puntos inferior á media española e sitúa a Galicia no terceiro posto pola cola. Só Extremadura (+3,3) e Andalucía (+3,2) rexistraron aumentos inferiores ao galego. Os maior repunte foi o da Comunidade Valenciana (+8,5). As cifras son máis similares ao analizar o comportamento no que vai de ano: as vendas aumentaron en Galicia un 4,6% e no conxunto de España un 4,7% entre xaneiro e xuño.

Os datos, non obstante, son positivos e tradúcense nunha maior ocupación no sector do comercio minorista en Galicia: medrou un 1,1% na taxa interanual, por debaixo tamén do avance estatal (+1,7). Os dous indicadores, vendas e emprego, acumulan 22 meses consecutivos de crecemento na comunidade.

Por sectores, as grandes superficies aumentaron as súas plantillas un 1,8% e as grandes cadeas un 4% mentres que as pequenas cadeas e as empresas unilocalizadas elevaron a súa forza laboral un 0,9% nos dous casos.



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións

- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas

- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)



PVP recomendado. Hasta el 30/6/2016 por la compra de unas gafas graduadas (montura mó + lentes) por 197€ con lentes graduadas progresivas orgánicas antirreflejantes Beslay Multigold 1.5 AR (límite de graduación sujeto al cuadro de fabricación del proveedor. Consulta en tu establecimiento). Llévate unas segundas gafas gratis no con la misma graduación que la primera y lentes Beslay Multigold 1.5 AR. Válido para una selección de monturas no señadas en el establecimiento que lo pauten. No acumulable a otras ofertas o promociones.

**2^{as} gafas
GRATIS**

al comprar tus
mó progresivas
alta gama

197€

**Ronda de A Coruña, 20
15800 Melide
A Coruña**

www.multiopticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora

REXCE ÓPTICA: E-15-001238
REXCE AUDIO: E-15-001241

Mercamelide recupera os vehículos de ocasión para a súa XVIII edición

O Pazo de Congressos e Exposicións acollerá na fin de semana do 27 e 28 de agosto unha nova edición do Mercamelide, a décimo oitava, que chega na súa versión de verán cunha importante novidade: a participación do sector do automóbil, que despois dunha presenza efémera hai tres anos regresa para formar parte da variada oferta que poderán atopar os visitantes da feira de saldos.

Será a segunda vez que haxa automóviles á venda no Mercamelide. A primeira foi no ano 2013, tamén nunha edición de verán, máis daquela a iniciativa non conseguiu callar e perpetuarse no tempo. Agora o sector volve con forza e, a falta de varios días para pechar o prazo de inscrición e das últimas confirmacións, contárase cando menos coa presenza de catro concesionarios da vila. Ofrecerán coches de ocasión, de segunda man e tamén marcas con rebaixas.

Dende Asetem animouse especialmente aos concesionarios asociados a participar na



Os coches ofertáronse por primeira e única vez na XII edición

feira de saldos; xa non só por facela máis variada e atractiva para o cliente, senón tamén por considerar que é un excelente escaparate para darlle publicidade a un sector xa asentado pero con gran potencial en Melide. “Moita xente aínda non é consciente das posibilidades que ofrece a vila á hora de mercar un vehículo sen necesidade de desprazarse ás cidades. Queremos facer iso visible”, apuntan dende a

directiva da patronal.

Grandes saldos e sorteos

Á marxe das novidades, o Mercamelide ofrecerá “de todo para todos”, como vén sendo tradicional, con rebaixas no prezo que poden chegar ata o 70% nalgúns casos. Ao igual ca en edicións anteriores tamén se mantén o reparto de rifas por cada compra realizada para participar no sorteo de vales por valor de ata 500 €.

Axudas para os titulares de explotacións leiteiras

A Consellería do Medio Rural acaba de sacar unha liña de axudas para explotacións leiteiras que estean en dificultades financeiras derivadas da súa actividade.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas titulares de explotacións de vacún de leite que estean en algúnha das seguintes situacións:

- Que teñan cotas vencidas e impagadas ou embargos de préstamos concedidos para a mellora da súa explotación.

- Que modifiquen as condicións de créditos concedidos (refinanciación, ampliación de prazo de pagamento ou período de carencia do capital).

- Que posúan débedas con provedores da explotación gandeira vencidas e non pagadas con un prazo de máis de tres meses dende o vencemento.

Entre as obrigas esixidas ao percibir a axuda está a de exercer a actividade agraria polo menos durante cinco anos dende

o pagamento de dita axuda e acreditar nun mes dende o pago da mesma que o importe foi destinado aos conceptos subvencionados. O prazo de solicitude remata o 29 de agosto.

Outras axudas da administración galega

- Axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres. Prazo: ata o 29 de agosto.

- Subvencións para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e do camiños de Santiago. Prazo: ata o 8 de setembro.

- Axudas para a adquisición de materiais e pezas de mobiliario de cociña e baño. Prazo: ata o 15 de outubro.

- Axudas para a adquisición de taxis adaptados a persoas con mobilidade reducida. Prazo: ata o 14 de outubro.

As empresas usuarias do viveiro municipal só pagarán 90 € ao mes

O prezo inclúe a utilización dos despachos e o acceso a servizos como a análise de proxectos ou o asesoramento xurídico e laboral

Rematadas as obras e aprobada definitivamente a ordenanza que regulará o seu uso, ao viveiro de empresas habilitado no Edificio Multiusos de Melide tan só lle resta abrir as súas portas e comezar a acoller emprendedores e novos proxectos empresariais.

Polo uso das instalacións as empresas que nun futuro próximo resulten adxudicatarias pagarán cada mes 90 euros máis IVE. Ese é o prezo establecido polo Concello para a ocupación de cada un dos cinco despachos cos que conta o centro (que poderán ser utilizados por un prazo máximo de dous anos) e para o acceso aos servizos que se prestarán

a través da Cámara de Comercio de Santiago: tutelaxe dos proxectos e asesoría xurídica, fiscal e laboral.

Dita taxa cobre tamén a subministración de auga, calefacción, electricidade e a limpeza dos espazos comúns. Non así a dos despachos, da que serán responsables os usuarios. Tampouco se inclúen nos servizos prestados as comunicacións telefónicas, material de oficina e o servizo de fax ou fotocopiadora, que tamén correrán por conta dos usuarios. Pola utilización da sala de xuntas, das salas de formación ou dos espazos comúns haberá que pagar igual que se fai polo uso das insta-

lacións deportivas e culturais do concello de Melide.

O viveiro nace coa vocación de favorecer a creación de novas empresas, diversificar a estrutura produtiva local e xerar emprego non só en Melide, senón tamén no resto da comarca. De feito entre os potenciais usuarios do centro inclúense os emprendedores dos concellos de Sobrado, Toques, Santiso, Arzúa, Boimorto e Vilasantar, tal e como se recolle no convenio asinado entre o concello de Melide e a cámara de comercio compostelá.

Poderán ser beneficiarios os titulares de empresas que comecen actividade ou da-



As instalacións do viveiro, no Multiusos, xa están rematadas

queñas de nova creación que teñan unha antigüidade máxima de 24 meses. Tamén os emprendedores que precisen espazo para preparar un proxecto. Neste caso só terán dispoñibles as instalacións durante un prazo de tres meses. A selección de beneficia-

rios realizarase mediante convocatoria pública.

O viveiro de empresas conta cunha superficie útil de 241 metros cadrados e dá cabida a cinco despachos, aulas de formación con capacidade para 21 persoas, zona de descanso, aseos e zonas comúns.

SUBVENCIONES PARA EMPRESAS

INCENTIVOS Á CREACIÓN DE EMPREGO E INCREMENTO DA ESTABILIDADE LABORAL. CONVOCATORIA 2016

- Beneficiarios: empregadores e empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica.

- Prazos de Solicitud:

Para as contratacións subvencionables realizadas entre o 01/01/2016 e o 14/07/2016, ata o 14/09/2016.

Para as contratacións subvencionables realizadas entre dende o 15/07/2016, ata o último día do segundo mes seguinte á data de contratación; como máximo, ata o 30/09/2016.

- Liñas de axuda:

1. INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL

Contratacións indefinidas iniciais realizadas entre o 01/01/2016 e o 30/09/2016, a tempo completo ou parcial (xornada mínima do 50%), con desempregados maiores de 30 anos que esgotasen as prestacións por desemprego. A contratación ten que supoñer un incremento do cadro de persoal fixo da empresa e do emprego neto da empresa, con respecto á media dos 3 meses anteriores.

- Contías: entre 5.400 euros e 7.590 euros (a xornada completa).

- Obrigas, entre outras: manter no cadro de persoal aos traballadores subvencionados, así como o número de persoas traballadoras fixas, durante 2 anos dende a contratación.

2. INCENTIVOS Á TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS

Transformacións en indefinidos dos contratos de prácticas, formación e aprendizaxe ou substitución por anticipación da idade de xubilación, realizada entre o 01/01/2016 e o 30/09/2016, cando se produza ao remate da duración inicial da contratación temporal. A contratación ten que supoñer un incremento do cadro de persoal fixo da empresa respecto á media dos 3 meses anteriores.

- Contía: 2.000 euros (a xornada completa).

- Obrigas, entre outras: manter no cadro de persoal aos traballadores subvencionados, así como o número de persoas traballadoras fixas, durante 2 anos dende a transformación.

3. INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL

Calquera modalidade de contratación temporal de duración mínima de 6 meses, realizada entre o 01/01/2016 e o 30/09/2016, con persoas desempregadas que esgotasen as prestacións por desemprego. A contratación deberá supoñer un incremento do emprego neto da entidade respecto á media dos 3 meses anteriores.

- Contía: 200 euros por cada mes completo de duración do contrato, ata un máximo de 12 meses (20 euros mensuais adicionais, no caso de que a persoa contratada sexa unha muller).

- Obrigas: manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención.

4. INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS DESEMPREGADAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Contratacións indefinidas iniciais e contratacións de carácter temporal realizadas entre o 01/01/2016 e o 30/09/2016, con persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, citados na orde da convocatoria (duración mínima 6 meses); e a persoas desempregadas perceptoras da RISGA (duración mínima 7 meses). Coa contratación indefinida inicial ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa respecto aos 3 meses anteriores á contratación.

- Contías:

.- Contratacións indefinidas iniciais: 10.000 euros.

.- Contratacións temporais: entre 2.500 euros e 5.000 euros.

- Obrigas, entre outras:

.- Contratación indefinida inicial: manter entre o persoal fixo aos traballadores subvencionados durante 2 anos dende a contratación.

.- Contratación temporal: Manter no cadro de persoal a persoa traballadora polo tempo que dure a contratación obxecto da subvención.

Comeza a expansión da planta de Lasurgal en Melide coa fabricación de novos produtos



En 2015 tres conselleiros desembarcaron nas instalacións de Lasurgal na Madanela para anunciar o apoio ao proxecto cun investimento de 1,9 millóns

Dairylac, o proxecto emprendido conxuntamente pola empresa melidense Lasurgal, as cooperativas ICOS e Codeira e a Xunta a través de Xesgalicia poñerá no mercado nos vindeiros meses novos produtos lácteos de alto valor engadido baixo a marca Deleitar. En concreto, comercializará nata, queixo mascarpone e queixo crema, leite pasteurizado e manteiga.

O lanzamento destes produtos, destinados fundamentalmente á hostalería e a obradoiros, forma parte da primeira das tres fases de expansión que contempla levar a cabo a empresa e das que deu conta a finais de xullo, e precisamente na planta de Lasurgal na Madanela, o presidente do consello de adminis-

tración, Jaume Llopis.

A segunda fase do proxecto de Dayrilac pasa por desenvolver unha liña de queixos, obxectivo para o que xa presentou unha oferta por dúas queixerías, unha de Santa Comba e outra do Pino, que están en concurso de acredores. A terceira fase da expansión consiste en construír unha torre de secado e deshidratado de leite e de soro para a elaboración de produtos de alimentación infantil. O proxecto ten un custo aproximado de 20 millóns de euros, dos que 5 serían achegados pola Consellería do Medio Rural. A empresa xa dispón dos permisos necesarios para empazar a construír a torre este mesmo ano nunha parcela situada a carón da planta de Lasurgal.

MELIDE E PALAS ABREN AS PORTAS DO MERCADO LABORAL A MOZOS/AS ENTRE 14 E 18 ANOS

Deseñando o teu futuro é o nome do programa que están a poñer en marcha conxuntamente os concellos de Melide e Palas de Rei para que mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos entren en contacto co mercado de traballo.

Non obstante, o proxecto non pretende que os participantes se poñan a traballar, senón que realicen visitas ou estadias a empresas da comarca para coñecer de primeira man a realidade laboral. Ditas estancias terán unha duración de 6 días por participante, cunha xornada diaria de 6 horas. Durante todo ese tempo os mozos e mozas estarán guiados por persoal das empresas e a súa evolución tamén será

supervisada por parte de persoal técnico dos dous concellos. Ao remate recibirán un diploma acreditativo.

Pola realización desta actividade formativa os participantes non recibirán ningunha remuneración, agás 6 euros diarios para cubrir gastos de transporte. As estancias tampouco implicará ningún tipo de relación laboral. Pola súa banda as empresas terán prohibido cubrir postos de traballo do seu cadro de persoal cos participantes da actividade formativa.

Poderán acollerse a *Deseñando o teu futuro* un total de 22 mozos/as, 11 de cada municipio. Os interesados en participar deberán cubrir un formulario e presentar unha solicitude nos seus respectivos concellos.



O mellor da tradición e a innovación hostaleira
Xaneiro

CAFETERÍA-PENSIÓN



38 
ANOS



REBAIXAS



Sueños
MODA INFANTIL 981 50 17 87
R/ Alexandre Bóveda, 2



California 66
Rosaleda, 5
Tlf.: 687 776 436
Moda home-muller
Síguenos en  

Alfonso
Motas
María José Villar Soutiño
Rúa Mateo Segade Bugueiro, 13 Telf. 981 50 54 58
15800 MELIDE (A Coruña)

Tu Boutik
Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394
tuboutik@hotmail.com
tuboutik@blogspot.com



El Gándalo
MODA HOME - MULLER
Mercedes Abad León
Tfno.: 981 50 63 70 - 610 75 78 84
Rúa do convento, 15
15800 MELIDE

San Pedro, 4
MELIDE
Tlf:
981 50 79 66



INFOR-BYTE
- VENDA DE EQUIPOS INFORMÁTICOS
- CENTRO DE FORMACIÓN
- DISEÑO WEB
R/ Rosaleda, 10 Tlf.: 981 50 71 69
MELIDE www.infor-byte.com

Stardemoda
R/ San Pedro, 10
626 56 49 02
MELIDE



MIS MEJORES LABORES
Avenida de América, 3 MELIDE



Queridos veciños/as e visitantes de Melide,

É para min unha gran satisfacción dirixirme por primeira vez como alcaldesa a todos/as vós mediante o tradicional saúdo da Alcaldía con motivo das Festas de San Roque 2016. É o meu desexo e o de toda a Corporación Municipal que presido que todas e todos as/os melidás e melidaos e aqueles/as que nos visiten compartan estes días tan merecidos de lecer, ocio e diversión. Son datas moi emotivas e especiais para todos/as nós. O San Roque non é unha festa máis. Ten un fondo saudoso. É unha festa de encontro, de encontro cos familiares queridos, cos amigos da infancia, cos que están fóra durante todo o ano, cos nosos emigrantes que materializan o seu desexo de retorno, de voltar á Terra Nai. Unha festa sentida como algo consubstancial á propia vila.

Quero felicitar e agradecer á Comisión de Festexos pola elaboración dun programa que unha vez máis constitúe unha referencia dentro do panorama de festexos de Galicia. Felicitación que fago extensíbel a todos/as os que dun xeito ou outro colaboraron na organización dos distintos actos que as festas xeran. Haberá actuacións e actividades para todos os públicos: percorrido musical polas rúas e prazas da vila, agrupacións de música tradicional, concertos de pop-rock, feira medieval, as mellores orquestras e bandas de Galicia, e moitos outros actos e actividades que de seguro vos satisfarán e gustarán.

Quero tamén aproveitar este saúdo para desexarvos unhas felices festas e animarvos a que desfrutades o máximo posíbel destes días coas actividades programadas e que a hospitalidade, tolerancia, solidariedade e cariño que nos caracterizan se plasmen nas nosas rúas e prazas.

Por último, non quero esquecerme daquelas persoas que, por un motivo ou outro, non poderán estar entre nós mais seguro que teremos no noso recordo e corazón.

Dalia García Couso
Alcaldesa do Concello de Melide

SAN ROQUE 2016

Un cartel “de primeira división” augura unhas festas multitudinarias en Melide

Melide volve presumir de festas. O listón quedou moi alto o ano pasado e parecía difícil de superar pero o cartel do San Roque 2016 volveu sorprenden de novo pola súa calidade e variedade. É pouco probable que non se repita o éxito da edición anterior a xulgar polos comentarios que non deixan de escoitarse dende que se fixo público o cartel e que asocian o nome da vila a unhas das mellores festas do panorama galego.

O San Roque 2016 ten un cartel “de primeira división”. Así o definiu durante a presentación do mesmo a alcaldesa de Melide, Dalia García, quen quixo agradecer a implicación da comisión de festas e o esforzo realizado por facer da vila “o epicentro do ocio musical e cultural de toda Galicia”. Pola súa banda os trece membros da comisión do San Roque aseguran afrontar o seu segundo ano á fronte da organización coa responsabilidade de intentar cumprir coas expectativas xeradas. Tamén co orgullo de levar o nome de Melide e as súas festas “a todos os recunchos” de conseguir que sigan sendo “unhas das máis grandes de Galicia”. Así o expresaron a través do saúdo do libro do San Roque, no que se dirixiron a toda a cidadanía para solicitar unha única contrapartida ao seu esforzo: “participar, divertirse e disfrutar de cada acto programado”. A satisfacción de melidenses e visitantes será, aseguran, “a mellor recompensa que podemos obter”.

Nove días de festa

Dende o 12 ata o 20 de agosto a actividade será frenética en Melide. A aposta programática pasa de novo en 2016 polas mellores orquestras do momento: Combo Dominicano, París de Noia e Panorama repetirán actuación no Cantón do San Roque, onde o ano pasado conseguiron congrega a miles de persoas. A elas sumáranse outras cinco orquestras:



Bomba, Marbella, Metrópolis, Nueva Fuerza e Caramelo. Non obstante este ano cobran máis peso as actuacións de cantantes e grupos sobradamente coñecidos no panorama musical español. En concreto serán tres os pratos fortes desta edición: a cantante gaditana Merche, os canarios Efecto Pasillo e Maldita Nerea.

Precisamente este grupo de pop-rock murciano encargárase de dar o pistoletazo de saída do San Roque 2016 no plano musical, xa que o arranque oficial, que tradicionalmente tiña lugar cun concerto da Orquestra Sinfónica de Melide, correrá este ano a cargo da Conselleira do Medio Rural, Ánxeles Vázquez, quen se encargará de pronunciar o pregón. Será o sábado 13 ás 23:30 horas no Cantón de

San Roque.

De todos os xeitos o ambiente festivo comezará xa no día previo coa inauguración do Mercado Medieval Peregrino, que vai pola súa quinta edición e que se asocia xa á programación do San Roque. Serán catro días, ata o 15 de agosto, nos que o casco histórico retrocederá varios séculos e nos que as rúas se encherán de actividade con actuacións practicamente cada media hora.

A todo isto hai que sumar as actuacións dos grupos de música tradicional da vila, as bandas, a Coral de Melide, o percorrido do Conservatorio e todas as actividades relacionadas con dous días moi seguidos pola veciñanza: o do río e o do neno. Non son festas para contalas, son festas para vivilas. Comeza a conta atrás.

Vinte e cinco anos do San Roque que marcou un antes e un despois

En 1991 estreouse o Himno de Melide, instaurouse o Día do Neno e por primeira vez cortouse a estrada para tocaren as orquestras

No 2016 cúmprense 25 anos dun San Roque que supuxo un punto de inflexión e que marcou o inicio do camiño cara ás festas de Melide tal e como as entendemos hoxe en día.

Foron varias as singularidades dos festexos daquel ano, que duraron cinco días. Entre as máis relevantes estivo o cambio nos espazos de celebración, motivado pola chegada por primeira vez á vila de orquestras con escenarios móbiles, nomeadamente a da Televisión de Galicia, que naquel momento era unha das máis cotizadas. Ese avance técnico supuxo que se abandonase o xardín do Cantón de San Roque como lugar para instalar o escenario e que por primeira vez se cortase a estrada nacional para situar nela as orquestras e que os veciños puidesen gozar mellor das actuacións. “Tradicionalmente os palcos poñíanse debaixo das árbores pero alí as boas orquestras non lucían”, explica Emilio Ares, un dos membros da comisión de festas naquel entón xunto con Fernando Blanco, Ignacio Castro, Luis Manuel Mejuto, Ramón Pardo, Aurelio Vázquez, Roberto Mejuto, Eladio Miguélez e Roberto Pardo.

O San Roque de 1991 tamén deixou un momento para a historia pois ese ano, concretamente o 17 de agosto, estreouse o Himno de Melide, que se

encargaron de interpretar conxuntamente a Banda de Música de Lalín e a de Celanova.

Festilandia

Outra das herdanzas que nos deixa o San Roque de 1991 é o Día do Neno, que se seguiu celebrando dende aquela ata chegar á actualidade como unha das xornadas máis agardadas polos cativos da vila. Se agora normalmente se reserva para o peche dos festexos, naquela primeira edición o Día do Neno serviu como inauguración. Celebrouse o 15 de agosto baixo a denominación de “Festilandia” e a programación incluíu un parque de atraccións, bonecos, regalos, caramelos e unha actuación inspirada en Barrio Sésamo, o

programa infantil que naquela época triunfaba en TVE. A verbena, co grupo Bella Época, foi dedicada tamén aos nenos e houbo ademais un concurso de bailes con premios.

Un pequeno susto

Aquel San Roque de hai 25 anos tamén tivo os seus contratempos: houbo un dos días no que as tracas dos fogos de artificio saíron defectuosas e o combustible derretíase ao estoupar caendo sobre a xente. “Queimou os traxes e as chaquetas dunhas 50 ou 60 persoas”, recorda Emilio Ares. Naquel momento a compañía aseguradora fíxose cargo dos estragos e hoxe en día, pasado o tempo, aquel incidente quedou nunha anécdota.



Museo da Terra de Melide

A Romería Internacional marcou os San Roque dos anos 90



Museo da Terra de Melide

Concerto da Banda Municipal nun San Roque de principios dos 90



As bandas de Lalín e Celanova interpretaron o Himno de Melide



Programación do Día do Neno, celebrado o 15 de agosto



Floristeria MARU
www.floristeriamaru.es

Tel. 981 50 75 80 / 607 507 579
floristeria.maru@gmail.com

Rúa do convento, 9 - 15800 - Melide - A Coruña



O PSOE pídelles ao goberno local que aplique man dura cos propietarios de fincas sen rozar

A maioría de parcelas abandonadas pertencen a herdeiros sen identificar

Nun dos veráns máis secos dos últimos anos as fincas sen rozar convértense no combustible perfecto en caso de producírense incendios forestais. Partindo disto e dos riscos que implican, especialmente cando se trata de soares de natureza urbana ou parcelas próximas a vivendas do medio rural, os socialistas acusan ao goberno local de actuar con pouca contundencia naqueles casos en que os propietarios incumpren co deber de manter as súas parcelas saneadas.

Neste sentido o PSOE remítese ao bando publicado no mes de maio polo propio executivo popular, no que instaba á poboación a acometer a limpeza de soares e advertía de posibles sancións

en caso de incumprimento, entre elas cargar subsidiariamente cos custos dos traballos que tivese que facer o Concello en caso necesario.

Ao respecto o voceiro do PSOE, José Antonio Prado, sinala que “o primeiro en non actuar conforme ao bando é o propio goberno local, que non fai ningunha comprobación dos incumprimentos e tampouco actúa a pesar dos requirimentos de veciños afectados por situacións de elevado risco, alegando que non hai tempo nin medios”.

Trámites complexos

A alcaldesa, Dalia García, argumenta que o Concello “sempre” inicia expedientes sancionadores ao recibir notificacións de veciños afecta-



Manter as fincas limpas diminúe o risco de incendios

dos por fincas sen limpar. “Imos actuar, pero ningunha maquinaria pública pode entrar nunha finca privada sen cumprir antes todo un proceso de trámites que non son nada sinxelos e que hai que respectar, porque doutro xeito estaríamos incorrendo nunha ilegalidade”, apunta a rexedora. Dalia García en-

gade que ese proceso se complica porque a maioría de fincas abandonadas “son de veciños non empadroados en Melide ou de herdeiros sen identificar, polo que as notificacións chegan de volta”.


Para o PSOE é unha cuestión de “desidia” porque as fincas, din, “son todos os anos as mesmas”.

O Concello edita un rueiro para peregrinos

Os albergues dos camiños Francés de Primitivo situados no municipio de Melide recibiron de xeito gratuito un rueiro que acaba de editar o Concello para ser repartido entre os peregrinos. Con esta iniciativa a concellería de Turismo quere “promocionar os principais monumentos da vila e sitios de interese turístico” e deste xeito “poñer en valor o casco antigo e monumental”. Dito rueiro, dirixido tamén a visitantes, contén ademais información e teléfonos de interese.

Á marxe desta iniciativa e tendo en conta “o impacto económico e social” que o Camiño ten na vila, o Concello está tamén a traballar na mellora da sinalización, tanto na vertente francesa como na primitiva.

Pintura anti mexo para os “puntos sensibles” do San Roque



As festas do San Roque deixan grandes beneficios na vila pero tamén algúns inconvenientes inevitables derivados da masiva afluencia de xente á vila. Entre eles están os malos olores provocados polos ouriños dos mozos contra as paredes. O Concello está disposto a minimizar este ano o impacto dese problema e por iso incluíu no dispositivo especial que se deseñou con motivo dos festexos unha medida específica: procederá ao pintado das fachadas “de determinados puntos sensibles” cunha pintura especial que producirá “un efecto repelente en todo aquel que ouriñe nas paredes”. Esta pintura, que se utiliza xeralmente en barcos, está a ter cada vez máis aceptación nas zonas de movida. Crea unha barreira sobre a superficie que se aplica e non deixa penetrar a urina que, ao tocar a capa de protección, rebota contra o home.

Patrimonio insta a cambiar a estética da segunda fase da rúa San Antón

O Concello de Melide viuse na obriga de modificar o proxecto de mellora da Alhóndiga, ou o que é o mesmo, a segunda fase das obras da rúa San Antón. O motivo, dar cabida ás recomendacións realizadas ao respecto pola Dirección Xeral de Patrimonio, que entendeu que a transición coa Praza do Convento e o Camiño de Ovedo non era de todo correcta e que se debía realizar doutro xeito “para respectar o máximo posible a estética”.

En concreto, os cambios afectan á disposición do adoquinado, que inicialmente se prevía colocar formando un debuxo en forma de espiral. Agora, tendo en conta que a área afectada pola reforma “é unha zona de tránsito”, a capa de rodadura levará adoquíns colocados lonxitudinalmente e o espazo restante lousas de granito.

Estas directrices recóllense nun informe que Patrimonio



O pavimento non poderá ir colocado en forma de espiral

ten a obriga de elaborar ao afectar as obras a unha área catalogada como casco histórico. Dito documento foille remitido ao Concello a principios do mes de xullo e malia informar favorablemente sobre o conxunto do proxecto, incidíu nas cuestións estéticas para evitar o impacto visual ao transitar dunha rúa a outra.

Os cambios xa foron aprobados en sesión plenaria e agora darase inicio ao expediente de contratación das obras, nas que se investirán 99.733 euros procedentes do Plan de Aforro e Inversións (PAI) da Deputación. Os traballos teñen que estar adxudicados antes do día 30 de novembro.

Perde a vida tras caerlle unha póla de eucalipto sobre o coche que conducía

Os factores humanos, ben sexa o exceso de velocidade, un despiste ou unha condución non apropiada para as condicións da estrada acostuman a estar detrás da maioría dos accidentes de tráfico. Pero hai ocasións nas que só é cuestión de mala fortuna, de estar no lugar equivocado no momento equivocado.

Tal foi o que lle aconteceu a un matrimonio de septuaxenarios de Antas de Ulla ao que lles caeu enriba do coche unha póla de eucalipto de grandes dimensións cando circulaba pola AC-840 ao seu paso por Melide. O suceso produciuse pouco despois do campo de fútbol municipal (en dirección Agolada) na mañá do 22 de xullo. O impacto da póla esmagou a parte dianteira do vehículo e foi tan brusco que provocou a morte do condutor no instante.

O coche seguiu avanzando sen control preto de 400 metros a carón do quitamedos e logo saíu da vía para percorrer outros cincuenta metros máis



Seguen sen estar claros os motivos polos que caeu o eucalipto

polo monte e acabar chocando contra unha árbore. A muller que viaxaba de acompañante apenas sufriu danos, aínda que foi atendida polo persoal sanitario do 061, que se desprazou ata o lugar xunto con efectivos de Protección Civil de Melide, axentes de Tráfico e os bombeiros de Arzúa.

Un misterio

A día de hoxe segue sen estar claro que foi o que motivou a

caída da póla sobre o vehículo, pois as condicións climatolóxicas eran favorables ese día, non se rexistraron ventos de importancia nin se estaban a realizar labores de corta. Dende Protección Civil de Melide apuntan que “é un misterio” e barallan como posible hipótese que a árbore estivese podre e que a corrente provocada polo paso dun camiión ou outro tipo de transporte pesado contribuíse a desestabilizala.

Xullo rexistra un incremento do 62% nas visitas á casa-museo de Furelos

Durante o mes de xullo a casa-museo de Furelos, situada en pleno Camiño francés, recibiu a visita de 4.234 persoas, un 62% máis ca no mesmo mes do ano pasado, cando rexistrou 2.613 visitantes.

Do total de persoas que pasaron polo lugar o 98% foron peregrinos, dos cales a maioría (65%) eran españois. Destacan especialmente os de orixe andaluza, que fan o Camiño habitualmente “en grandes grupos de excursións organizadas”, segundo explican as técnicas do punto de información que acolle a casa-museo. Séguenos de preto os madrileños, que adoitan peregrinar “en pequenos grupos ou en familia”. Entre os camiñantes estranxeiros, o país prioritario de procedencia é Italia, seguido de Estados Unidos e Alemaña.

Na casa-museo de Furelos



A casa museo é punto habitual de parada para os peregrinos

aténdense entre 150 e 200 visitantes diarios, que preguntan sobre todo por cuestións relacionadas co aloxamento en Melide, a gastronomía e o patrimonio. Moitos entran só para cuñar as súas credenciais, momento no que as técnicas

do punto de información aproveitan para “involucralos na vida do concello” e promover as actividades de ocio e os eventos que teñen lugar na vila.

Só un 2% dos visitantes do museo son turistas, principalmente de Galicia e Euskadi.

Benestar abrirá en setembro 14 das 36 novas prazas da residencia da 3ª idade



O xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, anunciou durante unha visita á residencia da terceira idade que no mes de setembro se iniciará a posta en servizo das 36 novas prazas creadas tras obras de ampliación que acometeu a Xunta no centro. Farase, segundo indicou, de forma progresiva, de xeito que “inicialmente” só se poñerán en funcionamento 14 desas prazas. Cando entren en servizo as 22 restantes o centro disporá dun total de 52 prazas.

O anuncio do Consorcio chega pouco tempo despois das queixas formuladas polo PSOE ao respecto, que criticaba a tardanza en habilitar as prazas creadas toda vez que as obras de ampliación se remataron en 2015 e a Xunta xa anunciara que estarían funcionando a pleno rendemento a principios do presente ano.

Yolanda Pérez, nova concelleira do PP

Yolanda Pérez pasará a formar parte proximamente da corporación melidense. Farao como concelleira do PP e en substitución do edil Rolando Mejuto, falecido recentemente. Técnica deportiva de profesión e número 10 da lista coa que os populares concorreron ás eleccións, tomará posesión no vindeiro pleno municipal.



XII XORNADAS DE LIMPEZA

27 de Agosto 2016
3 a 10 de Setembro 2016

ESTÁN LIMPANDO DE NOVO

DALLE VIDA AO RÍO

Corremos a posta aquí

Para máis información: 696 60 73 48
asociaciontroiteiros@gmail.com

Xuntanza na praia fluvial do río Furelos, ás 09:00 A.M.

Os tempos da cuestión urbanística

Unha veciña de Santiso acusa ao Concello de atrasar “deliberadamente” a reposición da legalidade nunhas obras con infraccións que ela denunciou

Corría o ano 2008 cando Eulalia Frade, unha veciña do Concello de Santiso, decidiu denunciar as obras de reforma e ampliación que o concelleiro de urbanismo do PP (naquel entón no goberno local) estaba a realizar na súa vivenda. Consideraba que se estaban infrinxindo “todas as normas” e que ademais “se estaba facendo uso dun cargo público para beneficio propio”.

Previamente presentara un escrito solicitando información no Concello, que tardou catro meses en instar á paralización das obras, o que para a denunciante supoñía unha clara actitude de pasividade. Por iso na súa cruzada persoal Eulalia Frade levou o asunto á Xunta de Galicia que, tras realizar a correspondente inspección das obras emitiu a través da Axencia da Legalidade Urbanística un informe demolidor no que se conclúe que os traballos realizados non son legalizables e que se debe proceder á súa demolición.

Dito informe tamén insta ao Concello a que tramite a reposición da legalidade no que afecta ás súas competencias; isto é, no referido á construción dunha caseta, dun muro de contención e dun muro de peche na parcela.

Complot político

A partir deste punto é cando os tempos de Eulalia Frade e da administración local comezan a correr a velocidades distintas. En opinión desta veciña todos os partidos políticos e gobernantes que ocuparon a alcaldía de Santiso dende entón “incumpriron as súas obrigas legais” e “atrasaron deliberadamente” a reposición da legalidade no caso que ela denunciou “para non actuar”. Acúsaos ademais de “taparse uns aos outros”.

A este respecto sinala que “ningún cidadán normal pode dixerir que un concelleiro de urbanismo salte todas as normas cando el é o responsable de facelas cumprir e que iso

se consinta”. A isto engade que “para uns veciños hai lei e para outros non”, en alusión á sentenza que obrigou a derrubar a parte alta da súa casa de Barazón Pequeno logo de ser denunciada por realizar obras de reforma sen licenza.

Cuestión de prioridades

O actual alcalde de Santiso, Manuel Adán (BNG) nega rotundamente que se estea a ignorar o asunto de forma intencionada: “aquí medimos a todo o mundo coa mesma vara e ese caso e outros máis aínda non se solucionaron porque temos problemas na secretaría, moitas cousas enriba da mesa e hai que priorizar”. Nesa liña engade que as prioridades son aquelas que benefician “ao conxunto de veciños”, como por exemplo o Plan de Obras e Servizos 2015, que aínda está sen executar: “é máis importante iso ca outros asuntos, que tamén teñen a súa importancia pero para persoas concretas”.

A Xunta aclara os usos permitidos nos terreos da Rede Natura



Medio Rural non quere que haxa dúbidas sobre o que se pode e o que non se pode facer nos espazos afectados pola Rede Natura. Tampouco que concellos e habitantes destas zonas de protección ambiental operen constantemente na inseguridade xurídica. É por iso que a consellería acaba de remitirle de novo aos municipios destas áreas os criterios comúns sobre os usos permitidos nos terreos de actividade agropecuaria (agrícola, gandeira e forestal) en zonas de Rede Natura.

De xeito resumido, permítese a rexeneración e mantemento de terreos dedicados ao uso agrícola ou gandeiro e a aradura de fincas agrícolas abandonadas hai menos de 10 anos ou despois dunha concentración parcelaria. Pódese rozar maleza en montes de eucaliptos e piñeiros sempre que as copas das árbores cubran máis do 50% da superficie do terreo. Tamén se permite renovar os prados e manter en boas condicións as pistas, camiños, peches de fincas ou cortallumes.

Con respecto ás reforestacións, só se permiten se existe unha planificación ao respecto. O mesmo ten que pasar para poder cortar plantacións de eucaliptos ou piñeiros.

Prácticas na horta ecolóxica como punto de partida ó autoemprego



Dezaseis mozos e mozas da comarca remataron con éxito o curso de Horta Ecolóxica que tivo lugar dende o 16 de xuño nun espazo do centro de día de Melide. A iniciativa, que se desenvolveu ao abeiro da Estratexia de Inclusión Social 2014-2020 da Xunta de Galicia e a través do equipo de inclusión de Arzúa, tivo unha duración de 50 horas, das cales 40 foron prácticas. Como obxectivo prioritario o curso perseguíu preparar aos asistentes para desempeñar unha ocupación profesional e tamén permitir que incorporasen experiencia ao seu currículo e traballar as aptitudes para o autoemprego. Na entrega de diplomas participou o xerente do Consorcio Galego de Benestar, Perfecto R. Muíños, e a alcaldesa de Melide.

Falece tras mergullarse co seu coche no embalse de Portodemouros

O mes de agosto comezou traxicamente en Santiso, onde faleceu afogado un veciño de Melide tras mergullarse co seu vehículo nas augas do encoro de Portodemouros.

O suceso produciuse o día 1 sobre as 10:30 horas cando J.J.P.P. descendeu co seu coche do ferri no que se subira en Vila de Cruces para cruzar ata Beigondo. Tras completar a manobra de desembarque continuou conducindo pola rampla de cemento cara ás augas do encoro ata mergullarse completamente.

Mobilizado o servizo de emerxencias do 112, os primeiros en chegar ao lugar foron os bombeiros de Arzúa,



Unha unidade especial da Garda Civil rescatou o cadáver e o coche

que non puideron máis que confirmar a presenza do home dentro do vehículo e sinalizar o punto exacto no que se atopaba o automóbil; na beira do embalse pero a unha profundidade aproximada de 7

metros. O seu traballo facilitou a intervención do equipo de buzos do Grupo Especial de Actividades Subacuáticas (GEAS) da Garda Civil, que foi o que finalmente rescatou o cadáver do home e o vehículo.

Visantoña tivo que agardar 24 anos para ver rematada a concentración

Veciños e veciñas da parroquia de Visantoña (Santiso) recolleron o pasado 18 de xullo de mans do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e da conselleira de Medio Rural, Ánxeles Vázquez, os títulos da concentración parcelaria. O acto de entrega, celebrado no Pazo de Vilar de Ferreiros, puxo fin a un proceso que durou 24 anos e no que se actuou sobre 992 hectáreas de terreo para pasar das 7.534 fincas iniciais ás 1.497 actuais.

O titular da Xunta referiuse ao proceso de reestruturación de terras como unha ferramenta útil para seguir apostando polo futuro do rural galego e aludiu á concentración parcelaria como “a clave para darlle máis oportunidades”. Na súa intervención Núñez Feijóo subliñou que neste momento a administración autonómica está a traballar en 137 zonas que suporán 129.000 hectáreas concentradas que serán entregadas nun prazo de entre tres e catro anos e que suporán “un antes e un despois no rural”. A Xunta dedicou este ano 30 millóns ás parcelarias.



Feijóo e Vázquez entregáronlle os títulos aos veciños/as

Toques está entre os dez concellos máis pobres de toda España

Concello	Renda bruta media	Posto ranking autonómico	Posto ranking nacional
Oleiros	34.698 €	1	38
Melide	16.375 €	128	1.994
Santiso	13.243 €	268	2.790
Sobrado	12.898 €	279	2.842
Toques	11.497 €	287	2.955
Cervantes	11.061 €	288 (último)	-

Cunha renda per cápita media de 11.497 euros, os habitantes de Toques están entre os galegos con menor capacidade adquisitiva. Tan só o municipio de Cervantes (Lugo), cunha renda bruta media de 11.061 €, evita que os toqueses sexan o pechacancelas do ranking galego. Estes dous concellos non só comparten o dubidoso honor de estar á cola de Galicia, senón que tamén están entre os dez municipios de toda España con menor nivel de renda.

Así se deduce a partir dos datos publicados recentemente pola Axencia Tributaria logo de analizar os ingresos polos que os residentes dos municipios de máis de 1.000 habitantes (288 en Galicia) tributaron ao longo do ano 2013 en concepto de IRPF. O resto de concellos da Terra de Melide tampouco saen moi ben parados, pois ningún deles se achegan nin de lonxe á renda per cápita media de Galicia (21.394 euros). Melide, cabeceira de comarca, é o único que consegue situarse na parte media da clasificación autonómica (posto 128). O ranking encabézano Oleiros, As Pontes, A Coruña, Nigrán, Santiago, Bergondo, Cabanas, Teo, Vigo e Baiona.

A Banda de Visantoña volve coller folgos grazas ao forte apoio social

Máis de 100 persoas participan na cea solidaria organizada para recadar fondos e garantir a continuidade da súa escola de música

“Grazas aos socios a escola pode continuar. Se non fose por isto sería moi difícil”. Obxectivo conseguido; a Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña volve respirar. Con estas palabras o certificaba Daniel Roibás, membro da xunta directiva, no momento de agradecer a colaboración de todas as persoas que acudiron á chamada da entidade e participaron na cea solidaria organizada o pasado 5 de agosto no Pazo de Vilar de Ferreiros co obxectivo de recadar cartos para poder manter a actividade da escola de

música e da banda á que dá soporte a asociación.

Socios, veciños e músicos de diferentes idades quixeron darlle apoio ao baluarte cultural dunha parroquia, Visantoña, cuxa historia recente xa non se entende sen a súa banda (que en 2017 cumprirá 140 anos) e na que non hai familia nin casa na que algún dos seus membros non teña pasado por dita agrupación musical. Así quedou patente no momento en que a directiva da asociación obsequiou con medallas, e a xeito de homenaxe, “ás persoas impor-

tantes” que permitiron que a banda chegase ata a actualidade: os músicos. A entrega comezou polo alumnado da escola Eugenio Pazos Reyes e continuou polas persoas presentes na cea que algún día formaron parte da banda.

Mención especial recibiron o director do Pazo de Vilar de Ferreiros, Jesús Camba, e o grupo que o xestiona, Ruta Jacobea, pola “excepcional colaboración con todas as asociacións de Santiso e especialmente coa nosa”, destacou Daniel Roibás durante a entrega dunha placa conmemo-



Un momento da entrega de medallas

rativa que, ao seu xuízo, “é moito menos do que merecen”. Tamén a recibiu Xosé Núñez, presidente de honra da banda.

Do mesmo xeito houbo un recoñecemento para aquelas entidades, empresas e persoas que colaboran ou colaboraron nalgún momento coas activi-

dades da asociación: Imprenta Meligraf, Autos Suárez, Xoiería Roval, o xornal Cerne e Soqui Cea.

A velada completouse coa actuación do grupo musical Son Remolino que, tratándose dun acto solidario, quixo chegar o seu gran de area e actuou gratuitamente.

JIM SPORTS

GRUPO



VIVIENDAS - CHALETS - BAJOS - SOLARES



Tlf.: 982 28 61 00

PISOS EN FOZ Y MELIDE

**CHALETS Y SOLARES
EN MELIDE**

ALQUILER - VENTA

**ALQUILER CON OPCIÓN
A COMPRA**

Plagostel
N.R.S. (B177-GAL-GFD)
calidad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
986 118 714

HOTELES
ALBERGUES
CASAS RURALES
GIMNASIOS
BALNEARIOS
...

¿Necesitas cumplir con el Real Decreto
865/2003 por el cual se establecen
criterios higiénico-sanitarios para la
prevención y control de la Legionelosis?



AVOGADOS

Ana Pernas Vilasuso

C. 1678

Miguel Fernández López

C. 711

HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º

Tlf.: 981 506 455 - 661 580 004

MELIDE

SANTISO

VISANTOÑA

2016

SAN AGUSTÍN

domingo 28 agosto Misa solemne á 1.

Pasarrúas e vermú: **GAITEIROS DA PONTE e BANDA DE MÚSICA DE VISANTOÑA**

Verbena con:

ORQUESTRA

CINEMA

ORQUESTRA GRUPO

BOMBA

Á 1 da madrugada **GRAN SESIÓN DE FOGOS DE ARTIFICIO**
a cargo de Pirotecnia PENIDE.

luns 29 agosto Misa solemne á 1 cantada pola CORAL POLIFÓNICA DE SANTISO.

Pasarrúas e vermú:

CHARANGA OS ARDORES e BANDA DE MÚSICA DE BOIRO

Verbena coas **ORQUESTRAS:**

PARIS DE NOIA

FANIA BLANCO SHOW

CAMPO CUBERTO CON CARPA DE ÚLTIMA XERACIÓN.

 CARPINTERÍA-EBANISTERÍA Visantona, S.L. Visantona - Santiso (A Coruña) • carpinvisantona@gmail.com Tfnos.: 609 823 583 - 981 510 734 (Hermínio) - 609 059 634 (Fernando)	J. SESTO EXCAVACIONES Tfno.: 659 580 057 VISANTONA - SANTISO	 Muebles VISANTONA, S.L. FÁBRICA DE TAPICERÍA ALMACÉN DE MUEBLES Tfno.: 981 51 07 13 - 15809 VISANTONA - Santiso (A Coruña)
---	---	--

Espectáculos **ANGEL SEOANE**  **MELIDE - MONTERROSO**
Tfno. móvil: 617 38 48 60

Muebles

VISANTONA, S.L.



**FÁBRICA DE TAPICERÍA
ALMACÉN DE MUEBLES**

Tfno.: 981 51 07 13 - 15809 VISANTONA - Santiso (A Coruña)

Mesón

Visantona

- > Comida caseira
- > Bocadillos, pizzas, hamburguesas, sandwiches...
- > Karaoke
- > Wifi

Seoane - Visantona
Tlf.: 981 51 07 65



Volve o Melide Fútbol Sala Feminino

O equipo, integrado por 13 mozas da vila, debutará á volta do verán na categoría sénior da liga provincial. “Ninguén dixo que fose doado” é o seu lema



As trece xogadoras do Melide Fútbol Sala Feminino e o adestrador do equipo, Fran Monterroso

Forxaron as súas calidades futbolísticas durante anos a golpe de talento e ilusión nas escolas deportivas do Concello. A pasada tempada tiveron unha primeira toma de contacto nunha liga pequena e curta que soubo a pouco malia deixar bo sabor de boca. Agora, moito antes do agardado, toda esa bagaxe cristalizou no Melide Fútbol Sala Feminino, que volve ser unha realidade máis de dúas décadas despois da primeira e fallida intentona.

Á volta do verán o conxunto saltará ás canchas para competir na liga provincial sénior cun equipo integrado por trece mozas da vila: Dolores, Xanaia, María, Anabel, Ale-

xandra, Dulce, Elisa, Inés, Andrea, Nerea, Elvi, Aroa e Patri.

A experiencia será todo un reto, non só por tratarse da



primeira incursión nunha liga longa con equipos xa moi consolidados como opoñentes, senón tamén por unha simple

cuestión de idade: “xogaremos nunha liga sénior con rapazas de 12 a 15 anos, algunhas das cales aínda poderían competir en categoría infantil”, di José María Valcárcel, pai dunha das xogadoras e parte promotora deste proxecto, “incorporamos unha moza maior que nos dará un plus de tranquilidade e experiencia pero aínda así seguen sendo moi novas”.

Ese será o principal hándicap a xuízo de Fran Monterroso, o adestrador, que tamén por primeira vez se pon á fronte dun equipo de fútbol sala: “elas non lle teñen medo a nada pero son nenas e a condición física non é a mesma dunha muller”. Sexa

como sexa os retos están para superalos, e máis nun equipo que ten por grito de guerra o lema “ninguén dixo que fose doado”.

“As rapazas o que queren é xogar”, comenta José Ma Valcárcel, “se vemos que isto é un desastre deportivamente valoraremos outras alternativas pero facemos as cousas por ben e cremos que hai unha semente de fútbol sala en Melide”. O obxectivo é que esa semente prenda e se consolide, algo para o que tamén resulta fundamental o bo clima que se respira no equipo: “somos como unha pequena familia”, di Fran Monterroso dende a experiencia propia, “é raro chegar a un club e que haxa tan boa sintonía dende o principio”.

A ilusión, o traballo e as boas intencións dificilmente chegan a porto en proxectos coma este sen un soporte económico. Nese aspecto o equipo, á marxe do apoio que siga recibindo do Concello e das subvencións da Deputación, aspira a reunir pola súa conta os 6.000 euros necesarios para custear os gastos de desprazamentos, arbitaxes, inscricións e fichas das xogadoras. As fontes de financiamento son fundamentalmente dúas: por unha banda a captación de socios, que vai “a bo ritmo”, e por outra a colaboración de 11 empresas da vila (as que acompañan este texto) e de Jim Sports como patrocinador.

Todos os elementos están enriba da mesa. Falta ver o resultado. Ninguén dixo que fose doado. Tampouco imposible.



JIM SPORTS

GRUPO

CAFÉ - BAR

TAPERÍA



APERTURA !!

ESTRADA DA AGOLADA, MELIDE

- HAMBURGUESAS

- RACIÓNS - BOCADILLOS

- PRATOS COMBINADOS



D.O.P. Queixo tetilla
D.O.P. Arzúa Ulloa



Tfno.: 981 80 80 09
terrademelide@deza.com
Orois - Melide (A Coruña)

www.lacteosterrademelide.com

O campionato de San Huberto reúne en Melide ós mellores cazadores de Galicia

Melide converteuse o pasado 6 de agosto no escenario do campionato de caza por excelencia en Galicia; o de San Huberto. Ata os montes do Bocelo desprazáronse algúns dos mellores cazadores da comunidade para participar na 29ª edición desta proba e loitar polo pase ao campionato nacional.

Na categoría masculina participaron 27 deportistas: 21 deles previamente clasificados nos seus respectivos campionatos provinciais ademais do campión da edición anterior e outros cinco clasificados a través da Copa Galicia. Tras unha mañá de probas baixo un sol de xustiza proclamouse campión o cazador Antonio Oliveira co seu can Dino das Fontiñas. Os dous estarán no campionato de España tras realizar unha moi boa actuación que lles valeu 92 puntos, 13 máis có segundo clasificado e 24 máis có terceiro.



Antonio Oliveira, campión, estará no campionato de España

Na categoría feminina, de inscrición libre, participaron catro cazadoras, sendo a mellor Nicolasa González e o seu can Congo. No que se refire á disciplina Springer, como se denomina á dos cans levantedores, impúxose José Sanmartín acompañado por Pum.

Rematada a proba procedeuse á entrega de premios e

posterior xantar na Parrillada El Molino, ata onde se desprazou a alcaldesa de Melide, Dalia García, para premiar aos ganadores xunto cos presidentes das entidades organizadoras do campionato: Javier Nogueira, da Federación Galega de Caza e Juan Manuel González, da Sociedade de Caza de Melide.

26 de agosto, finais do XXXVI Torneo de Fútbol Sala do CIRE



Xa está en marcha a trixésimo sexta edición do Torneo de Fútbol Sala Concello de Melide que cada verán organiza o CIRE. Dende o 1 de agosto vinte e sete equipos sénior están a competir por chegar á final e facerse con algún dos premios en metálico reservados para esta categoría: 600 euros para o campión e 300 para o segundo clasificado. Tamén hai competición nas categorías feminina, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete. A entrada aos partidos, que se disputan no pavillón municipal, é gratuíta. O día da final, que será o venres 26 de agosto, cobraranse 2 euros. Ese día os partidos comezarán ás 17:00 polas categorías inferiores e rematarán ás 23:00 horas coa final sénior masculina.

“O ABRAZO DAS IDADES”, CONVIVENCIA E ENTRETENIMENTO ARREDOR DA CULTURA



Hai pouco máis dun mes a Asociación Charamela recibía a Medalla de Ouro de Melide. Entre outros moitos motivos que xustificaron dito recoñecemento estaba o feito de seren capaces de implicar a diferentes xeracións e veciños de todas as idades no seu facer cultural.

A máxima expresión desa filosofía cobrou corpo coa celebración o pasado 6 de agosto do VII Encontro Interxeracional “O abrazo das idades”,

unha xornada de convivencia e entretemento para todos os públicos arredor da cultura. O concurso “Ti si que vales”, que goza de grande aceptación, contou coa actuación de dúas caras coñecidas do panorama televisivo: Suilma e Uma, nai e filla participantes do programa “Levántate” de Tele 5. O encontro tivo tamén teatro, coa estrea da obra “Vaiche boa”, mostra de fotografías, obradoiros de cociña e tempo para homenaxear á Coral Polifónica.

LUISA PEREIRO EXPÓN UNHA SELECCIÓN DOS SEUS DESEÑOS NA CASA DA CULTURA



Hai pouco máis dun ano que Mª Luisa Pereiro retomou o que para ela é ao mesmo tempo profesión e afición: a costura e o deseño. As redes sociais foron o seu trampolín de lanzamento e dende elas presentouse á sociedade como a profesional que quería ser: á modista de sempre á vangarda da moda.

Agora algunhas das súas creacións, prendas únicas e exclusivas, pasaron dos manequíns do seu taller

e dos armarios das clientas á sala de exposicións da Casa da Cultura, onde ata o vindeiro 15 de agosto se amosa unha selección de 8 vestidos (entre eles dous de noiva) que representan outros tantos estilos de deseño e confección. “Contenta” e “algo abrumada” pola boa acollida que tivo a súa volta á profesión, Mª Luisa Pereiro asegura que despois dun pequeno descanso axiña volverá con “novas ideas”.



Turismo Melide

REGRESO Á VIDA MEDIEVAL

Como parte da programación das festas do San Roque regresa a Melide o Mercado Medieval Peregrino, que acada xa a quinta edición e vai forxando unha identidade propia ao tempo que gana visitantes ano tras ano.

Durante os días 12, 13, 14 e 15 de agosto máis de 70 postos inspirados en oficios da Idade Media, farán viaxar no tempo o casco histórico da vila decorado especialmente para a ocasión. Poderanse atopar produtos do máis variado, a maioría deles de factura artesá: xoias, roupa, enfeites ou

xogueteos serán os máis comúns. A gastronomía tamén estará presente, xa non só nos postos, senón tamén nos lugares habilitados para xantar ou cear ao máis puro estilo medieval.

O mercado cobrará vida o venres 12 ás 18:00 horas e nas tres xornadas sucesivas terá actividade polas mañás de 11:00 a 14:00 e polas tardes de 18:00 a 23:00 con espectáculos de malabarismo e lume, actuacións musicais, shows de maxia e representacións teatrais que se sucederán practicamente cada media hora.

ALECRÍN ORGANIZA UNHA CEA DEDICADA AOS EMIGRANTES

Verán tras verán regresan puntuais a Melide a ao resto de concellos da comarca para reencontrarse cos familiares e coa terra da que un día tiveron que marchar. Son os emigrantes; moitos homes e mulleres que nos acompañan nestas datas e que este ano, por primeira vez, terán unha cea dedicada enteiramente a eles.

Organízaa a Asociación de Mulleres Rurais Alecrín tras decatarse de que “nunca se tivo en conta facer unha xuntanza pensada para estas persoas nin para a xente que xa retornou despois de emigrar a outros países”. Celebrarase o día 13 de agosto nun restaurante de Melide e a ela poden asistir tamén persoas de Santiso, Toques e Sobrado, concellos aos que dá cobertura Alecrín.

Con esta iniciativa a asociación de mulleres rurais suma unha actividade máis á xa longa lista das que leva desenvolto no seu ano e media de vida: bailes de salón, charlas, viaxes e cursos de fotografía, maquillaxe, cociña ou zumba son algunhas delas.



“PALABRAS MÁXICAS” PARA O LECER DO VERÁN

Melide foi un dos 20 concellos de Galicia nos que recalou o espectáculo “Palabras máxicas”, unha das máis recentes propostas de *Galicia Culturea*, o programa de actividades lúdicas posto en marcha este verán pola Xunta para levar o galego a máis de 160 concellos do país a través de 600 propostas culturais en diferentes formatos e para diferentes públicos. Ducias de persoas gozaron deste espectáculo de maxia na Praza do Convento.



QUIÑOY EXPÓN NO MUSEO DE MELIDE

Ata o 15 de agosto poderase visitar no Museo da Terra de Melide a exposición do artista local Xosé Manuel Quiñoa, composta por dez cadros feitos en óleo, acrílico e pastel nos que recrea algunhas das paisaxes e monumentos da comarca. A mostra pódese visitar de luns a sábado en horario de mañá e de tarde. Tamén o domingo dende as 11:00 ata as 14:00 horas.



240 MOZOS/AS NOS CAMPAMENTOS DE FURELOS

Douscentos corenta mozos e mozas de entre 12 e 17 anos pasarán ao longo deste verán por Furelos dentro da campaña de verán que cada ano pon en marcha a Consellería de Política Social. Farano en catro quendas diferentes e baixo unha temática denominada “Natureza no Camiño” que inclúe actividades de bicicleta, orientación, sendeirismo, tiro con arco, kaiak,

biomergullo fluvial, longboard e xeocaptura.

Outros tantos mozos e mozas participan no campamento de Palas de Rei, que ten dúas actividades diferentes: “Multiaventura” para idades comprendidas entre os 12 e os 14 anos e “Aventura-T” para o tramo de 14 a 16 anos.

A todos eles visitounos a directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Váz-

quez, quen explicou que no conxunto de Galicia están a participar na campaña de verán un total de 9.046 mozos e mozas, o que representa un 6% máis ca o ano pasado. O departamento autonómico inviste 2,6 millóns de euros na posta en marcha destas actividades, que permitiron contratar a 900 persoas entre monitores e directores de tempo libre.



Verán de traballo e recoñecementos para a Coral Polifónica de Melide

A agrupación organizou por segundo ano o Festival de Habaneras e foi homenaxeada por Charamela no Encontro Interxeracional

Con 34 anos de historia ás súas costas a Coral Polifónica de Melide segue sementando novos proxectos ao que tempo que recolle os froitos de todo o traballo realizado.

Así está sendo este verán, no que a agrupación foi recoñecida no marco do Encontro Interxeracional organizado pola Asociación Charamela como un exemplo de integración de toda a veciñanza arredor dun proxecto común e de transmisión de “valores, vivencias e experiencias” entre xeracións.

Nun emotivo acto no que se repasou a traxectoria da formación a través dun percorrido fotográfico a presidenta de Charamela, Mary Gómez, destacou a capacidade da Coral Polifónica para construír un discurso de unidade ao

longo destes anos a través da música: “soubestes integrar as voces de todos, construístes a coral dun pobo”. A isto engadiu que é un orgullo para Melide ter unha coral integrada por persoas “que dan o mellor de si” e que souberon “transmitir o sentimento da música a través do mellor instrumento que hai; a voz humana”.

Rematada a intervención procedeuse á entrega dunha figura de Sargadelos con forma de árbore cuxas pólas simbolizan as diferentes xeracións. Recolleuna o presidente da Coral, Guillermo González, quen asegurou que o recoñecemento dá ánimo “para seguir cara adiante como ata agora”.

Traballo constante

Ese camiñar cara adiante

implica que a actividade non cese. A Coral non se detén e unha mostra diso é a última iniciativa que se puxo en marcha dende a entidade: o Festival de Habaneras no Camiño, que este ano celebrou a súa segunda edición o día 23 de xullo conseguindo atear de xente a Praza do Convento, nunha mostra da boa aceptación que ten este xénero musical na vila de Melide.

Nesta ocasión subíronse ao escenario, ademais da anfitriña, a Coral Atalaia de Laxe, o Orfeón de Castrillón (Asturias) e a Coral Polifónica de Betanzos. Todas as actuacións foron gravadas co obxectivo de editar un disco no que se recolla o concerto.

Pasado o verán a Coral embarcarase nunha nova edición da Semana da Música.



A Coral de Melide no II Festival de Habaneras



Cafetería y Pastelería
Estilo

C/ Progreso, 6

Tfno.: 981 505 153

MELIDE



Ronda da Coruña, 24

981 81 56 19
MELIDE



Camiño de Ovedo, 13

981 50 51 60
MELIDE

Todo se copia

Xosé Núñez, escritor

“Á xente gústalle sentir, sexa o que sexa”. Esta é unha sabia frase que nos deixou a grande novelista e escritora británica Virginia Woolf, que explicaba tal afirmación do seguinte xeito: “sentir porque outros senten; gritar porque outros gritan; aplaudir porque outros aplauden; levantar as mans porque outros as levantan, para facer o mesmo; e todo iso aínda que non se saiba por que se grita, por que se aplaude, nin por que se levantan as mans”.

Sobre o de copiar instintivamente sen saber moi ben o porqué, contoume un amigo meu que el sempre viu como algo esaxerado a actitude das masas dando vivas a Franco e aplaudindo freneticamente ao paso do xeneral nos tempos da ditadura. Un día, estando el nas inmediacións da catedral de Barcelona, chegou Franco en visita. Cando se viu entre a multitude que gritaba “Franco, Franco, Franco”, sen saber como e case sen darse de conta, fixo o mesmo cós demais, aínda que despois se avergoñara por deixarse influír pola masa.

En canto ao de que todo se copia, eu quixera facer fincapé en que o copiar pode exercer influencia ata nos peores feitos que hoxe en día abundan no seo familiar, como a violencia

de xénero e os suicidios. Excepto nos casos de enfermidade mental, estes feitos poden ser produto de mentes que pensan nese intre que a súa acción criminal será soamente unha mais das tantas que se dan case a cotío, desgraciadamente. Por ter sido axente da Policía Xudicial, en canto aos suicidios podo dicir que tamén existe a fórmula de copiar, xa que polo xeral se producen de forma similar en función das zonas e comarcas.

Dende que me tocou coñecer moi de cerca algúns casos, tiven a teima de crer que os suicidios son un acto de covardía, xa que como di o refrán: “todo neste mundo ten solución, menos a morte”. Se un se atopa nunha grave situación persoal (que posiblemente creou sen necesidade) hai que facerlle fronte coa valentía da que nos fala o sabio refrán castelán “a lo hecho, pecho”. Aínda que sexa duro escribir isto, dá a impresión de que existen persoas que se esquecen da xente que as rodea e escollen a solución mais “cómoda”, “quitarse do medio” polo camiño curto como se desa maneira deixaran solucionado o problema.

Neste sentido, penso que os medios de comunicación deberían de ser máis responsables nas súas informacións.

Europa, o TTIP e o teu día a día

Iria Buxán, politóloga e emprendedora



O TTIP - Tratado Transatlántico para o Comercio e o Investimento- entre os EE.UU. e a Unión Europea está máis preto ca nunca, pero o feito de estar fronte a un acordo destas dimensións do cal, a día de hoxe, aínda hai un gran descoñecemento, xera certamente un grao de desconfianza importante. O acordo, que se caracterizou desde os inicios polo escurantismo que envolveu o proceso de negociacións, expón, entre outros, a asimilación mutua das antagónicas políticas que veñen defendendo os EE.UU. e Europa en materia de protección medioambiental e ao consumidor, polo que, podería estar a abrir as portas a produtos americanos que competirían en igualdade de condicións en Europa, onde contamos cuns estándares de calidade máis altos. Ademais, o acordo ten previsto que as discrepancias se resolvan a través de órganos de arbitraxe en vez de pola vía xudicial en tribunais nacionais.

A pesar de que España teña un saldo negativo na balanza comercial cos EE.UU., si se constatou a existencia dun gran potencial da súa capacidade exportadora grazas ao aumento da actividade comercial dos últimos anos, aínda que, a apreciación do Euro fronte ao Dólar ten reducido a competitividade das exportacións europeas. Por outra banda, as sancións aplicadas pola Unión Europea a Rusia, a raíz da xestión do conflito en Ucraína, traducíronse desde xullo do 2013 en perdas millonarias para a UE,

Canadá, EE.UU. e Noruega. Mentres que Rusia, a sancionada, se beneficiou grazas a “mercados substitutivos” en América Latina. Rusia tamén está a liderar un proceso de integración coñecido como a Unión Económica Euroasiática no que xa hai asinado un tratado constitutivo con outros países da súa contorna e no que convida á Unión Europea a iniciar os contactos para formar parte desa zona de libre comercio que son, ou deben ser, considerados como os mercados “naturais” de Europa fronte ao TTIP con EE.UU, segundo declaracións rusas.

Europa debe tomar moitas decisións que marcarán o seu rumbo e decidir o que quere ser e a onde e con quen quere ir, xa que as sancións á Rusia teñen sido contraproducentes para a nosa economía ao tempo que o TTIP está a ser cada vez máis contestado por parte de gobernos e da cidadanía europea.

Novas tecnoloxías: adaptarse ou morrer

Silvia Pena, xornalista

Mándamo por wasup. Non me etiquetaches. Vinllo no Facebook. Faille un retuit. Súbea ao Instagram. Todas estas referencias eran alleas ao noso vocabulario hai só uns poucos anos. A día de hoxe están presentes en boa parte das nosas conversas, cos nosos pais, cos nosos amigos, cos nosos fillos. Os problemas coa batería do móbil, a ausencia de cobertura ou a falta de wifi poden provocar verdadeiros dramas entre a poboación, non só cando nos referimos aos adolescentes. Comprobamos que vaíamos ter wifi no hotel no que nos hospedamos, revisamos a cobertura do noso móbil cada quince minutos e os disposi-

tivos electrónicos comparten mantel cos garfos e culleres en todas as mesas do país.

Hai quen se resiste a formar parte dese mundo que deu en chamarse 2.0 e que algúns xa teñen rebautizando como 3.0 ou 4.0. Pero xa non é posible, hai que desenganarse. Agora contan os datos, os megas, os me gusta, as veces que se comparte un contido, o número de seguidores e ata o número de pokemons que un consegue cazar. Existen aplicacións para abaratar as nosas viaxes en coche, para pedir a compra ao supermercado, para comunicarse cos políticos de altura de xeito directo e ata para atopar ao amor da

túa vida ou simplemente pasar un anaco divertido, segundo o que busque cadaquén.

Podes pedir unha cita médica a través do teléfono, consultar as túas contas bancarias, mirar o tempo que vai facer mañá ou comunicarte coa túa familia de América á que antes non vías en anos. Podes incluso axudarlle ao teu fillo que vive na República Dominicana a facer o polbo á feira como se o tiveras ao lado. E todo iso tan só cun móbil e unha tarifa de datos relativamente barata.

Os pais reciben as notas dos seus fillos a través do wasup, comunícanlles as faltas no momento exacto no que se



producen, como para non ir! Tamén se pode medir o que un anda ou as calorías que perde ou gaña con ten só ter un móbil de última xeración. Ao kit do viaxeiro vense de incorporar un trebello que deron en

chamar pau selfie co que a familia enteira pode saír na foto, non hai que sacrificar a ninguén. Podemos evitar a nova terminoloxía, pero escapar deste mundo tecnolóxico xa non é posible.

MANUEL SÁNCHEZ E MARY LÓPEZ, ELECTROSAN

“Diferenciámonos dende o principio por vender calidade ó prezo máis barato posible”

Electrosan é o exemplo de que todo é posible cando o tesón e o traballo incansable son os piares de ideas que a priori teñen pouco percorrido. O que comezou como “unha aventura” nun baixo sen reformar converteuse en tan só cinco anos nun establecemento con 300 metros cadrados de expo-

sición no que se venden mobles, colchóns e electrodomésticos de todas as marcas do mercado a prezos moi accesibles. Este é precisamente o aspecto no que marca a diferenza Electrosan, no que Manuel Sánchez e Mary López continúan traballando día a día co obxectivo de seguir mellorando.

- Acaban de celebrar o seu quinto aniversario. Como recordan os comezos de Electrosan?

-Manuel Sánchez (M.S.): A verdade é que foi unha aventura. Todo comezou despois dunha estancia de varios anos en Valencia. O mundo dos electrodomésticos non me era descoñecido de todo e ao chegar aquí empezamos a anunciar uns poucos por internet. Vendéronse moi ben e axiña tivemos que traer máis. O problema era que os tiñamos nun baixo que non daba moi boa imaxe...

- E foi cando deron o salto ao local da Martagona.

-M.S.: Exactamente. Tiñamos este baixo baleiro e había que facer algo. Pintámolo nós, amañamos un anaco pequeno e comezamos con catro colchóns nun recuncho. Axiña quedou todo pequeno porque a xente viña mercar un colchón e pedíanos un cabezal, unha mesiña... entón ampliamos outros 80 metros cadrados. Logo empezáronnos a pedir sofás e outro tipo de cousas e así fomos ampliando e ampliando... comezamos con 120 metros cadrados e un ano despois xa tiñamos 300.

- Todo foi moi rápido. Significa iso que tamén foi doado?

-M.S.: Houbo que traballar duro. Eu dediquei moitos días e moitas horas a coller o coche e visitar sitios buscando produto, marcas novas e persoas que me orientaran. Pecháronse moitas portas e incluso me dixerón que non tiña futuro ningún. Moitas veces volvía desesperado pero co paso do tempo empecei a recibir chamadas. O que fora sementando comezou a dar o seu froito.



Manuel e Mary levan cinco anos á fronte de Electrosan

-Mary López (M.L.): Ás veces na vida haise que arriscar e dándolle forma a ideas que parecen unha loucura, pódese chegar a bo porto.

- Como conseguiron facer un oco no mercado?

-M.S.: Dende o principio quixemos ofrecer algo diferente. Non tería sentido montar unha tenda e ofrecer o mesmo ca outras que levan moitos anos no mercado... Entón decidimos diferenciarnos polo prezo, obtendo menos marxe de beneficio e vendendo os electrodomésticos máis baratos.

-M.L.: O boca a boca é a mellor publicidade que existe. Pero funciona se hai algo que dicir. No noso caso non só dicimos que temos moitos electrodomésticos, senón tamén que están a moi bo prezo. Procuramos ter os mellores

prezos ata onde podemos chegar e niso competimos incluso coas grandes superficies.

-M.S.: En electrodomésticos con pequenos defectos os clientes poden aforrar nalgúns casos máis do 50%. Hai pouco vendemos por 450 euros unha lavadora de encastre que valía orixinalmente preto de 1.200. É un mercado que ten moita demanda.

- A día de hoxe que produtos venden na tenda?

-M.L.: Temos colchóns, somieres, canapés, algúns armarios, sofás, conxuntos de salón, televisións... e en electrodomésticos practicamente de todo, aínda que non exposto na tenda por cuestións de espazo. Pero se pides hoxe un aspirador ou o que sexa ao día seguinte está aquí, ou incluso no mesmo día. Vende-

mos por catálogo e por páxina de fábrica, o que nos dá acceso a todas as marcas do mercado.

-M.S.: Se un cliente, por exemplo, quere unha neveira que non temos exposta, consultamos as páxinas de fábrica dos nosos provedores e poden aparecer máis de 50 modelos con características e prezos diferentes dos que o cliente pode escoller o que máis se axuste ás súas necesidades.

- Dise dos electrodomésticos que traen data de caducidade. É un mito? Depende da calidade e do uso que se lles dea?

-M.S.: Todo inflúe. Mito non é porque o estamos vendo; os electrodomésticos veñen con data de caducidade, indubidablemente. Despois, iso si, gastando máis e collendo unha gama máis alta, é outra histo-

“Temos acceso a todas as marcas do mercado e tamén vendemos a través de catálogo”

ria. Incluso algúns traen dez anos de garantía. Pero é certo que non duran o que duraban, afortunadamente para os que nos dedicamos a isto (rí).

- A marca inflúe ou o cliente déixase guiar por outros factores?

-M.S.: A gran maioría pide o máis barato. O prezo é determinante, inflúe moito. Para iso están as exposicións, para ver as cousas e comparar unhas con outras. Primeiro preguntan polo prezo e logo pola marca. Hoxe en día case todas son coñecidas, o cliente xa non se limita só ás tres ou catro de toda a vida.

- Seguirá Electrosan con ampliacións e novidades?

-M.L.: Día a día hai que renovarse e mellorar. En Electrosan esforzámonos sempre por ofrecer o que o cliente vai demandando. Así foi dende o nacemento da tenda; o cliente é o que nos marca as pautas a seguir. A pesar dos tempos que vivimos, dende Electrosan agradecemos a boa acollida que tivo o noso establecemento tanto en Melide como na comarca, algo polo que nos sentimos máis ca bendicidos.

Electrosan

**Tlf: 981 50 79 64
R/ Martagona, 13**



F MOBLES ARES

Tfno.: **981 50 55 64**
www.moblesares.com
15800 **MELIDE** (A Coruña)



Tamén abrimos os domingos de 10:00 a 14:00 h.